

AS LETRAS GALEGAS E A SÚA RELACIÓN COAS LETRAS GREGAS E LATINAS: PÁXINAS INÉDITAS NO ALXAM (CUN APÉNDICE BIBLIOGRÁFICO “AD HOC”)

XESÚS ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela

Resumen: En este artículo menciono y describo, en ocasiones, trabajos inéditos que, de una manera u otra, pertenecen al universo literario y erudito del Archivo Literario Xesús Alonso Montero, depositado desde abril de 2011 en la Biblioteca de la Diputación Provincial de Ourense. Añado un apéndice bibliográfico que define con pormenor mi dedicación al estudio de la presencia de las Letras grecolatinas en las Letras gallegas.

Resumo: No presente artigo menciono e describo, ás veces, traballos inéditos que, dun xeito ou doutro, pertencen ó universo literario e erudito do Arquivo Literario Xesús Alonso Montero, obrante desde abril de 2011 na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Engado un apéndice bibliográfico que define con precisión a miña dedicación ó estudo da presenza das Letras grecolatinas nas Letras gallegas.

Abstract: In this article I mention and describe not published works from the Xesús Alonso Montero's Literary Archiv, now in the Library of the Diputación Provincial de Ourense, since april, 2011. I add an bibliographical appendix that defines mi dedication to the study of the presence of classical literature into the galician literature.

Palabras llave: Literatura grecolatina. Letras gallegas. Archivos literarios.

Palabras chave: Letras grecolatinas. Letras gallegas. Arquivos literarios.

Key words: Classical literature. Galician Litterature. Literay archives.

NOTA PRELIMINAR

ALXAM é a sigla do Arquivo Literario Xesús Alonso Montero, obrante desde abril de 2011 na Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense. Nesta biblioteca, unha das máis ricas en arquivos monográficos de escritores galegos, poden consultarse (cos seus fondos bibliográficos) os de Eduardo Blanco-Amor, Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey), Alberto Vilanova e as irmás Pura e Dora Vázquez, entre outros. Mentres non se publique o correspondente catálogo, é orientativo, para o investigador, o volume que elaborei na data mencionada co título *ALXAM / Guía do Arquivo Literario* (Deputación de Provincial de Ourense, 2011, 73 páxinas).

No presente artigo menciono (e describo, ás veces) traballos inéditos que, dun xeito ou doutro, pertencen ó universo literario e erudito apuntado no título. Trátase de traballos dos que eu son autor, e, en menor medida, de traballos doutros autores, por algunha circunstancia relacionados comigo. Tamén hai páxinas que, non sendo estudos nin artigos (proprios nin alleos), son textos incursos no tema que nos ocupa. En ocasións non se trata de textos senón de documentos impresos, máis ou menos raros (programas, recortes de prensa...).

O Apéndice bibliográfico que ofrecemos neste traballo define con precisión a miña dedicación ó estudo da presenza das Letras grecolatinas nas Letras galegas, razón pola cal existe no ALXAM tanto material inédito sobre esta cuestión. En seis apartados amosamos o material “ad hoc” obrante no Arquivo.

LATÍN E LITERATURA LATINA NAS LETRAS GALEGAS MODERNAS E CONTEMPORÁNEAS: DÚAS “EDICIÓNS” (1991, 1993)

Como estudoso do discurso literario galego, téñome ocupado, ás veces con especial atención, dunha parcela hai anos moi pouco explorada por outros eruditos: a presenza de determinados autores e textos clásicos (nomeadamente latinos) nos escritores galegos do XIX e do XX. Debo aclarar que, nalgúns dos meus estudos e artigos, refírome a textos latinos posteriores á Latinidade clásica, incluso a escritores galegos que cultivaron literariamente o latín no século XX. Antes de 1991 publiquéi un número non escaso de artigos sobre distintos aspectos desa cuestión, e foi nesa data cando acometin o traballo de máis entidade e ambición. Trátase da miña “lección maxistral” á cátedra de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, lección que se titulou *Latín e Literatura latina nas Letras Galegas modernas e contemporáneas*. Nunca nunha Universidade, nun exercicio para obter unha cátedra, se abordara semellante tema. Na sesión entreguei ós cinco membros do Tribunal senllos exemplares do traballo que constaba de 122 folios mecanografados, estruturado en dez capítulos. O volume non era o texto da “lección” redactado convencionalmente senón algo máis “universitario” e máis pedagóxico: unha especie de crestomatía na que cada capítulo ofrecía un esquema ou guión do tema, textos “ad hoc” en latín e en galego (ás veces, noutras linguas románicas), documentos (estudos breves, comentarios) bibliografía e notas. Reproduzo o Índice xeral do volume e, nalgúns capítulos, ofrezco algunhas explicitacións:

1. Atrium: Son dezasete citas sobre a importancia e as características da lingua latina desde Lorenzo Valla (sec. XV) a Paul Guth (1980) pasando por João de Barros, Ortega y Gasset, Valle-Inclán, Otero Pedrayo, Jorge Luis Borges, Ramón Cabanillas e Álvaro Cunqueiro, entre outros.
2. Exordiu: Nesta especie de prólogo pronunciábame, entre outros, sobre estes aspectos:

Tamén a nosa literatura ten unha débeda de certa importancia cos clásicos, nomeadamente cos latinos. Figuras tan importantes como Ramón Otero

Pedrayo, ou tan valiosas como Florencio Vaamonde Lores, non se entenden plenamente se os desvencellamos dos mestres da Antigüidade. Habería que citar algúns outros nomes significativos, todos eles —cómpre precisalo— do XIX e do XX, séculos nos que o maxisterio grecorromano esmorece notablemente noutras áreas culturais.

Sabido é que as literaturas europeas, tanto as neolatinas como as xermánicas, protagonizaron, no XVI e no XVII, un diálogo apaixonado cos escritores de Grecia e de Roma, cos *clásicos*, é dicir, cos únicos autores dignos de seren estudados, pola súa *clase*, na *clase*. Pero a lingua galega non acudiu a esta cita, e non acudiu porque neses séculos (os Escuros) non existe literatura formulada en galego ou, para dicilo dun xeito máis técnico, non existe discurso literario escrito na nosa lingua, aínda que se produzan, aquí e alí, algunhas inconexas manifestacións: inconexas, moi poucas, esteticamente pobres (en xeral) e, case todas, en verso.

Os escritores galegos cobizosos de Humanismo que establecen contacto coas voces de Grecia e de Roma fano desde o castelán ou para o castelán. Hai un exemplo moi ilustrativo e ilustre: o primeiro tradutor a este idioma da *Poética* de Aristóteles, un libro tan esencial daquela, foi o noso coterráneo Alonso Ordóñez das Seixas y Tobar no ano 1626. A inexistencia deste encontro de linguas e culturas, que é grave para o futuro da literatura galega (para a literatura no futuro), é particularmente grave para a nosa lingua, para esa lingua na que, séculos despois, farase literatura e na que se intentará a creación dun estándar e doutras manifestacións da lingua culta. No latín dos grandes escritores romanos, nesa proba, forxáronse, nos séculos do Humanismo, moitas das linguas de Europa, algunhas non románicas. Forxar as linguas no latín é necesidade que viron algúns filólogos do Renacemento. A cuestión esbozouna con sagacidade João de Barros, de quen paga a pena reproducir este diálogo:

“Filho- A lingua portuguesa, onde desfalecer como verbo ou nome que comprenda em bréve alguma cousa, poderá formár algum verbo aprazível a orelha, sem falar por rodeo, como essoutros fázem?”

Pai- Si, porque a liçença que Horácio, em a sua *Arte Poética*, *Horatius in Arte Poetica* dá aos latinos para compoerem vocábulos nóvos, contanto que saiam da fonte grega, éssa poderemos tomar, se ôs derivarmos da latina”.

A nosa lingua, daquela tan próxima ó portugués, non acode a esta cita, a esta forxa idiomática tan fértil.

Os clásicos, pois, aparecerán serodiamente nas nosas Letras. Cando en 1885 Menéndez Pelayo publica o seu *Horacio en España* só figura en galego, no rocho dun apéndice, “A vida do campo”, que así titulou José García Mosquera a súa tradución do “*Beatus ille*” de Horacio, xustamente gabada por don Marcelino. En efecto, esta versión, de 1868, era a única dun texto horaciano e tamén a única dun texto latino importante. O presente traballo proba, quizais, que as Letras Galegas teñen un certo dereito a figuraren no clásico libro de Gilbert Highet *La tradición clásica (Influencias griegas y romanas en la literatura occidental)* (1954), se alguén acomete hoxe a tarefa dunha reelaboración. Se é así, con máis dereito deberían figurar nunha desexable

reelaboración do maxistral libro de María Rosa Lida *La tradición clásica en España* (1975).

Figuren ou non en estudos destas características, chegou a hora de sinalar e sistematizar cal é a presenza e o influxo dos escritores latinos na nosa literatura. Como dicíamos ó principio, as nosas Letras teñen unha certa débeda cos clásicos, se ben cuns clásicos que chegaron tarde á clase. Historiar esta presenza é o obxectivo desta Lección, e que non se teña feito ata o de hoxe proba o desinterese por enfoques que hai décadas eran canónicos (ou pouco menos) nos estudos histórico-literarios.

Tamén é certo que o futuro, polo menos o próximo, non vai incitar ó estudo deste tipo de fontes e de influencias. Desde hai bastantes anos, en España, pódese ser filólogo románico, hispánico ou galego con moi pouco latín e sen grego, e, polos datos que temos, os plans próximos non van mellorar a situación. Con moi pouco latín clásico, con menos latín vulgar e alleos totalmente ó latín medieval e ó humanístico, os nosos estudantes dificilmente serán eficaces estudosos dos períodos e autores que esixen unha certa pericia nunha lingua e nunha literatura que aínda hai pouco tempo foi fonte de saber e de fruición para Xoán Manuel Pintos, Eduardo Pondal, José García Mosquera, Juan Antonio Saco e Arce, Florencio Vaamonde Lores, Ángel Amor Ruibal, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Avelino Gómez Ledo, Aquilino Iglesia Alvariño, José Crecente Vega... O certo é que os nosos plans de estudos non nos achegan á gloriosa raíz latina, esa raíz descuberta con sabedoría e amor polos humanistas do XV e XVI e glosada ou imitada de cen maneiras nos tempos posteriores.

3. Capítulo preliminar: o Latín na Gallaecia e na Galicia medieval

4 Capítulo I: Os Séculos Escuros

I a. Do latín no XVI e no XVII

I b. Latín e galego na obra do P. Sarmiento (1695-1772)

5. Capítulo II: Do Latín e da Literatura latina nas Letras Galegas do XIX e do XX.

II a. No Prerrexurdimento (-1863)

II b. No Rexurdimento (1863-1891)

II c. Despois do Rexurdimento (1891-1916/1920)

II d. De 1916/1920 a 1936

II e. Da Guerra Civil (1936-1939) á década dos Setenta

II f. Da década dos Setenta a hoxe (1991)

6. Capítulo III: Literatura “non romana” nas Letras Galegas modernas e contemporáneas

III a. A Biblia “latina” nas nosas Letras

III b. Escritores galegos en latín, posteriores ó século V, traducidos ó galego

III c. Do latín ó galego en edicións políglotas do século XIX

7. Capítulo IV: Presencia e influxo do latín culto na lingua, na mentalidade e nas actitudes galegas
8. Capítulo V: Escribir en latín, traducir ó latín
 - V a. Poetas galegos, con obra en galego, que poetizan en latín
 - V b. Literatura galega verquida ó latín
9. Apéndice: Horacio en Galicia
10. Epílogo: Cronoloxía

No ALXAM obra, encadernado e mecanografado, un exemplar deste volume. Tamén obra, co mesmo título, un corpus de 219 folios mecanoscritos e 210 manuscritos en 1993 que é unha ampliación do volume de 1991, nesta ocasión organizado nestes capítulos:

1. Atrium (Citas sobre a lingua latina: breve crestomatía)
2. Escritores da Gallaecia e de Galicia (sec. VI-XVIII) traducidos ó galego no XIX e no XX)
3. O latín en Galicia nos séculos XVI e XVII
4. Presenza das Letras latinas no Rexurdimento
5. Presenza das Letras latinas despois do RExurdimento
6. Florencio Vaamonde Lores (1864-1925), un tradutor do latín e do grego en solitario
7. Presenza das Letras latinas de 1916/1920 a 1936
8. Ramón Cabanillas (1876-1959) e as Letras grecolatinas
9. Escritores galegos novilatinos
10. Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) e as Letras grecolatinas
11. Presenza das Letras latinas nas galegas despois da morte de Franco (20-11-1975)
12. Latín macarrónico e macarroneas en Galicia
13. Presenza do latín cultural no idioma galego: o latín como “divinas palabras”
14. Literatura galega (popular e culta) verquida ó latín
15. Francisco Fanego (Mondoñedo, 1887-1974): o profesor de latín, o poeta, os “discípulos” (A. iglesia Alvariño, Xosé M^a Díaz Castro, Álvaro Cunqueiro...)
16. Fedro e a fábula en galego

17. O “Stabat mater” en galego
18. Latín e galego en edicións políglotas
19. Varia

Esta “segunda edición” de *Latín e literatura latina nas Letras galegas modernas e contemporáneas* non só é notablemente máis ampla cá primeira senón que fai incursións en parcelas non abordadas na anterior (capítulos 12, 16, 17) ou dedica especial atención a certos escritores e filólogos (capítulos 6, 8, 10, 15).

PÁXINAS HORACIANAS: UN CAPÍTULO FUNDAMENTAL

O escritor latino máis presente no ALXAM é Horacio, a quen, na “lección maxistral” de 1991, só se lle dedicaba un capítulo de cinco folios. De feito dous son os volumes sobre el, proba do meu interese pola presenza dos seus poemas nas nosas Letras (traducións, imitacións...). Ningún outro poeta latino estivo tan presente nas páxinas galegas desde que, en 1868, se publicou a versión do “Beatus ille”, obra do catedrático de Ourense José García Mosquera. A Horacio e o seu celeberrimo epodo teño dedicado non poucas páxinas (V. a Bibliografía)

1. *Horacio en Galicia, Horacio en galego*, Vigo, 2004: Consta de 129 folios mecanoscritos e 185 manuscritos, ademais dunha carpeta con material “ad hoc” (V. *Guía*, p. 23).

2. *O “Beatus ille” nas Letras galegas*, 2004: Consta de 170 folios manuscritos ademais dunha carpeta de material “ad hoc”. Non tardarei en publicar esta monografía que conterá traducións inéditas do inmortal epodo e noticias bibliográficas de especial interese para entendermos a rica fortuna desta composición entre os escritores e os filólogos galegos. Os 170 folios manuscritos non fan referencia a dous interesantísimos capítulos da biografía galega do epodo, que publiquei hai tempo e que recollo, loxicamente, na monografía: “O “Beatus ille” de Horacio: a tradución galega de García Mosquera (1868) verquida ó castelán polo poeta chileno Eduardo de la Barra (1898)” e “Dúas imitacións en galego de “Beatus ille” nos anos da II República. Unha análise gramsciana”.

OS EVANXEOS DE SAN MATEO E DE SAN MARCOS, LUGO, 1963

Neste ano aínda non se publicara ningún dos catro Evanxeos en galego. En realidade, existía, xa desde 1861, unha curiosa tradución en galega do

de San Mateo, promovida e prologada, en Londres, polo Príncipe Luís Luciano Bonaparte (1813-1891), versión feita por José Sánchez de Santamaría que eu dei a coñecer en varios artigos a partir de 1959. Pero esta tradución, obra do enigmático (aínda) Sánchez de Santamaría, non está feita desde o grego, o idioma orixinal, nin desde o latín (da *Vulgata*); fíxose desde a versión castelá do bispo Félix Torres Amat.

Foi a comezos de 1963 cando eu comprometín en Lugo a dous filólogos clásicos para que traducisen dous dos catro Evanxeos: o de San Mateo, desde o latín, por Amable Veiga Arias (1929-1994), e o de Marcos, desde o grego (só algúns capítulos) por Antonio López Otero. No correspondente sobre do Arquivo obra o prólogo escrito polo sacerdote Germán Alonso Fernández (1927- 1998), daquela profesor de Relixión no Instituto masculino, o meu Instituto.

TRES FILÓLOGOS: FROILÁN LÓPEZ LÓPEZ, ISIDORO MILLÁN E SERGIO ÁLVAREZ

Sobre Froilán López (1900-1990), sacerdote e catedrático de Latín de Instituto, obra no Arquivo un discurso de homenaxe escrito por Amable Veiga Arias que fora alumno seu no Instituto de Lugo. O profesor Froilán López publicou na revista *Grial* (1977-1985) valiosos artigos de toponimia e antroponimia galegas de raíz, case sempre, latina. É tamén autor de manuais para o estudo do Latín no Bacharelato.

Isidoro Millán González Pardo (1922-2002), catedrático de Grego de Instituto, foi tradutor ó galego de poemas latinos e colaborou con Ramón Cabanillas na parte grecolatina de *Versos de alleas terras e de tempos idos* (Santiago, 1955). Namorado (sic) do poema “A Rosalía” (1891) de Curros Enríquez, envioume a súa tradución ó grego clásico en varias versións, material que, con cartas “ad hoc”, figura no ALXAM.

Sergio Álvarez Campos (1924-1994), frade franciscano, foi profesor titular de Latín na Universidade de Compostela. En varias revistas publicou, en latín, poemas celebratorios (*Euphrosyne*, *Liceo Franciscano*...) e eu logrei reunir un número non escaso de poemas latinos inéditos nos que celebraba a Licenciatura en Filoloxía Clásica de varias promocións de estudantes composteláns. Polo menos en dúas ocasións (1984, 1985) a “laudatio” ofrécea en latín e grego. Tamén compuxo gabanzas a colegas e amigos das que hai mostras no ALXAM.

GÓMEZ LEDO, TRADUTOR DE VIRXILIO, LUCRECIO, HORACIO ET AL.

Avelino Gómez Ledo (1893-1977) debe figurar entre os escritores galegos que máis esforzos dedicou, antes e despois de 1936, ó labor de verquer ó galego os textos gregos (*O Novo Testamento*) e latinos (todo Virxilio, fragmentos de Lucrecio, poemas de Horacio, etc). No ALXAM obra un epistolario moi valioso sobre a súa actividade de tradutor.

VARIA

Nos correspondentes sobres e carpetas do ALXAM existen, ademais das páxinas inéditas indicadas, documentación impresa “ad hoc”, valiosa para os estudosos. Trátase de folletos, dípticos, recortes de prensa, programas, etc, cualificables, en moitos casos, de “raros e curiosos”. O mesmo acontece en non poucos dos temas que veño tratando desde 1958, consignados na Bibliografía que se ofrece como Apéndice deste traballo.

APÉNDICE

BIBLIOGRAFÍA DE XAM SOBRE O TEMA “AS LETRAS GREGAS E LATINAS NA SÚA RELACIÓN COAS LETRAS GALEGAS”

SIGLAS EMPREGADAS NESTA BIBLIOGRAFÍA REFERIDAS A LIBROS DE XAM

BQL: *Beatus qui legit*, USC, 2000.

EB: *Ensaíos breves de literatura e política*, Vigo, Nigra, 1996.

EG: *Os escritores galegos ante a Guerra Civil española*, Vigo, Galaxia, 2006.

LG: *Letras galegas / explicadas (de 1962 a 1980) en “Triunfo” e noutras revistas de fóra de Galicia*, Vigo, Xerais, 2008.

LLS: *Lingua, literatura e sociedade en Galicia*, Madrid, Akal, 1977.

Ot: *Oteriana*, Vigo, Galaxia, 2000.

PA: *I Congreso de poetas alófonos en lingua galega* (ed. de XAM e XM. Salgado), Vigo, Galaxia, 1994.

PLL: *Pro lingua latina (et non solum)*, Edicións do Castro, 2003.

PR: *Páxinas sobre Rosalía de Castro*, Vigo, Xerais, 2004.

LIBROS

Pro lingua latina (et non solum) (1884-2003), Edicións do Castro, 2003.

Rosalía de Castro traducida ó latín e cantada en latín e grego clásico (Noticia e textos) / Homenaxe ó profesor Sergio Álvarez Campos, Padrón, Fundación Rosalía de Castro, 2003 (Dous capítulos reproducidos en PR.).

PRÓLOGOS

Villanueva Bembibre, Serafín, *Curso de morfoloxía indoeuropea aplicada á lingua latina*, Vigo, Galaxia, 1996. Reprod. en PLL.

Amado Rodríguez, María Teresa, *Covadonga, de Xosé Rubinos. Unha Iliada en galego do século XX*, Edicións do Castro, 2003.

EDICIÓNS POLILINGÜES NAS QUE FIGURAN POEMAS GALEGOS TRADUCIDOS Ó LATÍN E Ó GREGO ANTIGO, TRADUCIÓNS SOLICITADAS POR XAM, RESPONSABLE DA EDICIÓNS DOS VOLUMES.

Homenaxe a Mendiño, Colexio Universitario de Vigo, 1982. Ed. en 20 linguas da Cantiga de M. A. trad. latina e maila grega, de Sergio Álvarez Campos.

Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro / Manuel Curros Enríquez et Federico García Lorca Rosalíam de Castro viginti linguis celebrant, Padrón, Patronato Rosalía de Castro, 1994. Sergio Álvarez Campos traduce ó latín, ademais do meu prólogo, os dous poemas “A Rosalía”, de Curros Enríquez e “Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta”, de García Lorca.

Sedíame eu na ermida de San Simón. A cantiga de Mendiño en 28 linguas, Xunta de Galicia, 1998.
V. *Homenaxe a Mendiño*

TRABALLOS EN ACTAS DE CONGRESOS, VOLUMES DE HOMENAXE. . .

“La pugna latín-romance en la enseñanza de la lectura en el siglo XVI”, *Actas del III Congreso Español de Estudios Clásicos (1966)*, Madrid, 1968. Sobre a cartilla de Bernabé Busto, de 1532.

“Textos griegos y latinos traducidos al gallego. Bibliografía”, id.

“Textos de Álvaro Cunqueiro: auto-poética, o feito literario, as palabras, o latín. . .” (ed. de XAM), en *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados. Día das Letras Galegas, 1991*, USC, 1991.

“O Instituto na voz de catro profesores (José García Mosquera, Juan A. Saco y Arce, Marcelo Macías e R. Otero Pedrayo)”, en *Centenario do Instituto*, Xunta de Galicia, 2000.

“A traducción galega, por A. Iglesia Alvariño, das Odas de Horacio (1951). Problemas no contexto e no texto”, en *Insights into Translation*, Universidade da Coruña, 2001.

“O “Beatus ille” de Horacio: a traducción galega de García Mosquera (1868) verquida ó castelán polo poeta chileno Eduardo de la Barra (1898)”, *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, USC, 2002.

“Horacio en Melón”, en *La Galicia de los monasterios*, La Voz de Galicia, 2003.

“Dúas imitacións en galego do “Beatus ille” de Horacio nos anos da II República: Xosé Crecente Vega (1933) e Álvaro de las Casas (1936). Unha análise gramsciana”, *Actas del XI Congreso de la Sociedad Española de Estudios Clásicos*, Madrid, 2005 (Reprod. en EG).

“A “Salve Regina” en Ribadavia (A propósito dun libro de Rubén)”, en *Depósito Rubén García Álvarez / Fondo bibliográfico e documental*, Xunta de Galicia, 2004.

TRABALLOS EN REVISTAS ACADÉMICAS, FILOLÓXICAS E CULTURAIAS

“Aquilino Iglesia Alvariño, traductor al gallego de textos griegos y latinos”, *Estudios Clásicos*, Madrid, 1961 (Reprod. en LG).

“El Príncipe Luís Luciano Bonaparte en la Lingüística gallega”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, 1962 (Reprod. en LLS).

“El Evangelio de San Mateo. Estudio lingüístico de la traducción gallega de José Sánchez de Santamaría (1861)”, id, 1863.

“Dos versiones gallegas del Padrenuestro en el siglo XVIII”, *Compostellanum*, Santiago, 1965.

“Álvaro Cunqueiro y las «divinas palabras»”, *Ínsula*, Madrid, 536, 1991.

“Horacio en galego: catro epodos descoñecidos”, *Grial*, Vigo, 116, 1992 (Traducións de Olegaria Dieste, Eduardo Dieste, Javier Montero e Juan Barcia Caballero).

“Amable Veiga Arias: retrato dun lingüista excepcional”, *Moenia*, USC, 1, 1995.

“O idioma galego en edicións polilingües, quer como lingua orixe, quer como lingua termo (1787-1995)”, *Viceversa*, Univ. de Vigo, 2, 1996.

“Un inédito de Isidoro Millán: a traducción ó grego clásico do poema “A Rosalía” de Curros Enríquez”, *Revista de Estudios Rosalianos*, Padrón, 2, 2002 (Reprod. en PR).

“Isidoro Millán: Letras clásicas, Letras galegas”, *Boletín da Real Academia Galega*, 364, 2003.

“Evaristo de Sela, poeta na prisión: a musa francófoba e filomarxista dun helenista”, *Madrygal*, Madrid, nº 9, 2006.

“Proyección de la mitología grecolatina en la literatura gallega”, *Cuadernos de Literatura griega y latina, (Proyección de la Mitología greco-latina en las literaturas europeas)*, VI, Alcalá de Hnares, Santiago de Compostela, 2007.

“Avelino Gómez Ledo, tradutor ó galego dos clásicos grecolatinos”, *Hesperia. Anuario de Filología Hispánica*, Universidad de Vigo, 2012.

ARTIGOS EN REVISTAS ESCOLARES E LOCAIS

- “Vida e milagros do latinista Francisco Fanego (Proxecto de retrato)”, *Mondoñedo*, 24, 1991.
“Don Francisco Fanego Losada no Seminario de Mondoñedo: o singular maxisterio dun latinista”,
Amencer, Seminario de Mondoñedo, 100, 1992.
“Poetas do Ribeiro: o P. Sergio Álvarez Campos”, *Amechir*, Ribadavia, 4, 2003.
“O latinista de Riobó: o P. Segio Álvarez Campos”, *Fraicellus*, Ribadavia, nº 11, 2008.
“Evaristo de Sela: helenista insigne, tradutor de Homero e singular poeta francófono”, *Seliña*, Sela
(Arbo), 5, 2011.

ARTIGOS NA PRENSA DIARIA

- “Luis Luciano Bonaparte promovió la traducción gallega del Evangelio de San Mateo (1861)”, *La
Noche*, Santiago, 6-12-1958.
“Sobre “verba” y otras voces que significan palabra”, id., 4-7-1959 (Reprod. en LLS).
“La versión gallega del texto del III Concilio de Toledo”, id., 8-8-1959.
“Sobre textos políglotas. Una biografía de Calderón de la Barca en Gallego”, id., 31-8-1959.
“Un centenario: el Príncipe Luis Luciano Bonaparte y las traducciones gallegas del Evangelio”, id.,
24-12-1959.
“Una comedia trilingüe (latín, castellano, gallego) del siglo XVI”, id., 14-11-1962.
“Requiem por una gran investigadora: María Rosa Lida”, *Faro e Vigo*, 24-3-1963.
“A comparanza do Fillo Pródigo. Primeira traducción galega dun texto bíblico (1857)”, *El Ideal Ga-
llego*, La Coruña, 18-5-1974.
“Filólogos gallegos en Tréveris (Tréveris de Prisciliano a Carlos Marx)”, *Faro de Vigo*, 7-11-1980.
“Amable Veiga, doutor en prehistoria da lingua galega, id., 13-2-1981.
“A “Salve Regina” en Ribadavia (a propósito dun libro de Rubén García Álvarez)”, id., 14-3-1981.
“O profesor Moralejo Álvarez, un helenista que vai ás troitas”, id., 3-7-1981.
“Don Ramón Otero Pedrayo, poeta en latín”, id., 1982.
“Pro lingua latina (et non solum)”, *El País*, Madrid, 24-1-1985 e 25-1-1985 (Reprodúzo no libro PLL
onde reproduzo, tamén, os textos que suscitou: “Pro lingua latina”, de José María Romera,
Diario de Navarra, 1-2-1985; “Pro lingua et libertate”, ce Claro J. Fernández-Carnicero, *El
País*, 1-2-1985; Carta a XAM do profesor Antonio Fontán, presidente da SEEC.).
“O primeiro libro de Latín en galego: un manual extraordinario”, *Faro de Vigo*, 26-5-1985.
Sobre *De onte a hoxe. Latín 2º de BUP* (1984), de Xesús ferro Ruibal et al. (Reprod. en PLL.)
“Homero e Horacio da man de Aquilino”, id., 15-6-1986.
“El testamento de Otero Pedrayo: «¡Salve el Griego, señor Ministro!»”, *El Independiente*, Madrid,
5-3-1988.
“Don Ramón e don Marcelo “conversan” en Trasalba”, *La Región*, Orense, 22-8-1991 (Reprod en
Ot.).
“Os clásicos e nós: no bimilenario da morte de Horacio”, *La Voz de Galicia*, 4-7-1992.
“Para un retrato de Horacio”, id., 22-9-1992 (Reprod en EB.).
“Olegaria Dieste traduce a Horacio”, id., 22-9-1992 (Reprod en EB.).
“No primeiro centenario dun traductor”, id., 24-1-1993 (Sobre Avelino Gómez Ledo (1893-1977).)
“Rosalía gabada en latín”, id., 2-5-1993 (Reprod en PA.).
“«¡Salve el griego, señor Ministro!»”, id., 27-6-1993.
“Horacio e Luís Seoane”, id., 1-8-1993.
“Vivat, floreat natio galaica”, id., 8-8-1993 (Texto do telegrama do sueco Goran Bjorman á RAG
(1906)).
“As “divinas palabras” de don Francisco Fanego”, id., 22-8-1993.
“A *Eneida* en galego”, id., 1993 (Reprod en EB.).
“Marx, helenista”, id., 21-1-1993 (Reprod en EB.).
“Aristóteles con corozá”, id., 16-1-1994 (Sobre a “versión” galega de “Amicus Plato...”. Reprod. en
EB.).

- “Patricio Sinot”, id., 23-1-1994 (Sobre este irlandés do XVII, profesor de latín na USC que seguía a *Arte* de A. de Nebrija. Reprod. en EB.).
- “Nummus ubi loquitur...”, id., 1-5-1994 (Sobre o aforismo “Nummus ubi loquitur, Tullius ipse tacet”. Reprod. en EB.).
- “Na morte de Amable Veiga”, id., 3-5-1994.
- “Marcial en Triacastela”, id., 8-5-1994 (Sobre a trad. galega dos *Epigramas* de Marcial por A. Veiga. Reprod. en EB.).
- “Na morte de Evaristo de Sela”, id., 30-6-1994.
- “Poliziano: 500 anos”, id., 2-10-1994 (Sobre Angelo Poliziano (1454-1494). Reprod. en EB.).
- “Homero en Caldas de Reis”, id., 30-10-1994 (Sobre Evaristo de Sela. Reprod. en EB.).
- “Planctus amissi serg”, id., 4-12-1994 (Sobre Sergio Álvarez Campos (1924 / 26-11-1994).)
- “Nigra umbra”, id., 11-12-1994 (Sobre a trad. galega de “Cando penso que te fuches”, de Rosalía, polo P. Tomás Viñas de San Luis (1927).)
- “César non é o dono das palabras”, id., 1995 (Sobre a afirmación de Sexismundo I: “Ego sum rex romanus et super grammaticam” (1414). Reprod. en EB.).
- “Alexandre Bóveda e Horacio”, id., 17-8-1995 (Sobre “Dulce et decorum est pro patria mori”, de Horacio, que o fiscal de Bóveda, R. Rivero de Aguilar, atribuiu a Virxilio (1936). Reprod. en EB.).
- “José Canedo, sanscritista”, id., 21-9-1995 (Reprod. en EB.).
- “Quintiliano, ¿candidato?”, id., 15-2-1996 (Sobre a súa definición de orador: “Vir bonus dicendi peritus”. Reprod. en EB.).
- “Alfio, candidato”, id., 14-3-1996 (Sobre o Alfio do “Beatus ille”. Reprod. en EB.).
- “Píndaro e o Consello da Cultura Galega”, id., 1996 (Reprod. en EB.).
- “Un novo método de Latín”, id., 17-12-1996 (Sobre o de Serafín Villanueva.).
- “Cos clásicos”, id., 13-2-1997 (Reprod. en PLL.).
- “*De correctione rusticorum*”, id., 20-3-1997 (Sobre o tratado de Martín Dumiense).
- “«Nomina» menstrualia in maturam mortem habuit”, id., 29-8-1997 (Sobre unha carta en latín de R. Otero Pedrayo. Reprod. en Ot.).
- “Baquílides en galego”, id., 23-1-1998.
- “Pontevedra na voz de dous exiliados”, id., 21-8-1998 (Sobre o P. Hermenegildo Amoedo, autor de *Carmen patrium sive Pontevedra* (1787). Reprod. en BQ.).
- “Un horaciano ourensán en Chile”, id., 16-10-1998 (Sobre a trad. galega do “Beatus ille”, de J. García Mosquera, verquida ó cast. por Eduardo de la Barra (1898). Reprod. en BQ.).
- “Si vis pacem, para pacem”, id., 16-4-1999. (Reprod. en BQ.).
- “Bóveda e o latín clásico”, id., 26-6-2003.
- “Caesar, non super grammaticos”, id., 5-7-2003.
- “A *Eneida* secuestrada”, id., 20-9-2003 (Sobre a trad. de Avelino Gómez Ledo).
- “O último poeta en latín”, id., 27-9-2003. (Sobre Sergio Álvarez Campos).
- “Loito na Lingüística indoeuropea”, id., 16-1-2003 (Sobre Isidoro Millán (1922 / 15-12-2002)).
- “Rosalía e as linguas clásica”, id., 19-6-2004.
- “San Marcos falou galego en Lugo”, id., 20-6-2009 (Sobre a trad. inédita de Amable Veiga).
- “Sesquicentenario do Evanxeo en galego”, id., 5-2-2011 (Sobre a tradución do de San Mateo (Londres, 1861)).
- “O filósofo de Tui en italiano”, id., 20-8-2011 (Sobre Francisco Sánchez, autor de *Quod nihil scitur* (Lyon, 1581).)
- “Francisco Sánchez en italiano e en galego”, id., 27-8-2011 (V. ficha anterior.)
- “Os versos de Homero na fala de Sela”, id., 26-11-2011 (Sobre Evaristo de Sela).
- “Requiem por un gran filólogo”, id., 9-6-2012 (Sobre J.J. Moralejo Álvarez)
- “Valle-Inclán: a Igrexa contra o latín”, id., 1-9-2012.

VARIA

“Literatura relixiosa en galego”, no opúsculo de José Alvilares Moure *O clero i o uso do idioma galego*,
Lugo, Celta, 1965.

“Biblia: traducciones gallegas”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago, 1974.

“Horacio”, id., 1975.